A Miña Biblioteca » E-vocación | Santillana | 670345_Eval compet CCSS 5 SH g
es.santillanago.com/es/archivos/archivos/ESBP000002004/archivos/670345_Eval%20compet%20CCSS%205%20SH%20gllg.pdf
670345_Eval compet CCSS 5 SH gllg.pdf 16 / 56

Unha cadea de televisión australiana vai realizar unha reportaxe sobre a Unión Europea.

O equipo de xornalistas preparou unha viaxe a Europa para recoller información, gravar imaxes, entrevistar algunhas persoas e preparar o guión.



**1** **O equipo de televisión quere entrevistar un comisario, un eurodeputado e un ministro da UE. Di a que institución se debe dirixir en cada caso e de que se ocupa cada un deles.**

| Cargo | Institución europea | Ocúpase de... |
|---|---|---|
| Comisario | | |
| Eurodeputado | | |
| Ministro | | |

**2** **Na reportaxe van incluír unha presentación de cada un dos países membros da UE. Cantas presentacións terán que realizar?**

______________________________

**3** **Pensaron mencionar estas dúas datas na reportaxe. Por que son importantes para a UE?**

- 1957: ______________________________
- 1992: ______________________________


Material fotocopiable © 2015 Santillana Educación, S. L. / Edicións Obradoiro, S. L.

Escribe aquí para buscar
1:16
17/03/2020

**4** **Os xornalistas teñen algunha dúbida acerca da diferenza entre o mercado común e a eurozona. Axúdalles a resolvela.**

______________________________________________

______________________________________________

______________________________________________

______________________________________________

**5** **Tamén queren amosar un mapa de cada país membro. Axúdalles a confeccionar o de España. Escribe sobre o mapa os límites de España e o número correspondente a cada Comunidade e Cidade Autónoma.**



1. A Rioxa
2. Andalucía
3. Aragón
4. Canarias
5. Cantabria
6. Castela-A Mancha
7. Castela e León
8. Cataluña
9. Ceuta
10. Comunidade de Madrid
11. Comunidade Foral de Navarra
12. Comunidade Valenciana
13. Estremadura
14. Galicia
15. Illas Baleares
16. Melilla
17. País Vasco
18. Principado de Asturias
19. Rexión de Murcia

**6** **Ademais, tomaron estas notas sobre España, pero cometeron algúns erros. Risca as afirmacións que non son correctas.**

- España é unha monarquía parlamentaria.
- O xefe do Estado encárgase de dirixir e gobernar o Estado.
- O presidente do Goberno e os ministros elaboran as leis e aproban os orzamentos.
- As Cortes Xerais están constituídas polo Congreso dos Deputados e o Senado.
- Existe un Tribunal Constitucional para interpretar a Constitución, que é a lei máis importante.

**7** **Os xornalistas pensaron rematar a súa reportaxe facendo unha análise da poboación de Europa. Que característica principal presenta? A que se debe?**

________________________________________

________________________________________

________________________________________

________________________________________

**8** **Na actualidade Europa é un continente en que predomina a inmigración. Cres que a inmigración pode acelerar ou frear o envellecemento de Europa? Por que?**

________________________________________

________________________________________

________________________________________

**9** **Respecto á poboación española, le este texto publicado polo Instituto Nacional de Estatística (INE) e define os conceptos subliñados.**

> De se manteren as tendencias actuais, a poboación de España descenderá debido á redución da <u>natalidade</u> e ao aumento da <u>mortalidade</u> polo envellecemento da poboación. Non obstante, a maior parte do descenso previsto deberase a que haberá máis <u>emigrantes</u> ca <u>inmigrantes</u>.

________________________________________

________________________________________